

FÁBULAS E ANIMAIS QUE FALAN



son relatos moi breves nos
que os animais falan, que
rematan cunha reflexión de
carácter didáctico ou
moralizante. Próximo do
xénero está o *apólogo*, unha
narración con animais na que
tamén pode haber presenza de
personaxes humanos.

Tan vello coma a literatura



A fábula é un xénero cultivado desde a Antigüidade, pois atopáronse relatos de animais nas táboas de arxila mesopotámicas e foron precisamente gregos e romanos os que forneceron o material para as diversas compilacións e versións que se realizaron ao longo da historia da literatura.

Os primeiros autores




Hesíodo inclúe en "Os traballos e os días" a fábula do reiseñor, pero é Esopo o fabulista da Antigüidade por excelencia; Horacio, Fedro e Aviano en Roma asimilaron e aumentaron o acervo grego.

Fabulistas medievais




Nivard de Gand, María de Francia, e o Roman de Renart, atribuído á autoría da clerecía anónima, encheron o período, no que se asiste ademais a un enriquecemento mercé ás achegas dunha tradición de orixe india (Hitopadesa Pancatantra) vehiculada a través de transmisores xudaicos ou árabes pola vía hispánica.

Do Renascimento ao XVIII



□ proprio Leonardo da Vinci escribiu un libro de fábulas, ao igual que moitos outros humanistas, e o xénero inspirou outro de enorme éxito no XVI e no XVII, o dos "emblemas", aínda que o que goza de maior nota no período será o francés *La Fontaine*.

Fábulas dezaoitecas



Tomás de Iriarte, John Gay
ou Felix María de
Samaniego cultivan o
xénero en Europa que,
nesta altura, cobra un
novo vigor ao socaire da
revisitación do mundo
antigo que representa o
Neoclásico.

O XIX e o XX




O mundo contemporáneo entrou na fábula, que a utiliza para a sátira política (emprego do que xa había algúns antecedentes) ou permite a incursión no xénero a máquinas e obxectos que veñen roubarlle parte do protagonismo aos animais.

Beatrix Potter, Bastera e Anouilh continúan e revolucionan o xénero.

A asemblea dos animais

Esopo



Había un león que non era nin noxento, nin cru, nin bravo, mais de trato amábel e moi xusto. Chegou a rei.

Baixo o seu reinado celebrouse unha asemblea para os animais desculpárense e ofrecer satisfacción uns aos outros : o lobo deulle a paz ao aña, o tigre ao cervo e a raposa á lebre. Daquela, a lebre dixo:

-Levo esperando este día toda a miña vida, para ver como os febles somos respectados con xustiza polos fortes.

E botouse a correr... e correu e correu todo o que puido.

Cando nun estado se practica a xustiza, os febles poden vivir tranquilos, pero non deben confiarse.

Asinus ad lyram

Fedro



*Quomodo ingenia saepe calamitate intercidant.
Asinus iacentem vidit in prato lyram.
Accessit et temptavit chordas ungula.
Sonuere tactae. "Bella res est mehercules;
male cessit, ego" ait "artis quia sum nescius.
Si reperisset aliquis hanc prudentior,
divinis aures oblectasset cantibus."
Sic saepe ingenia calamitate intercidunt.*

O ASNO E A LIRA

De qué modo os enxeños a miúdo se perden por unha desgraza.

Un burro viu unha lira tirada nun prado. Achegouse e cos cascos tocou nas cordas unha e outra vez: estas soaron.

"Bela cousa é; pero, por Hércules, saíume mal", dixo, "porque son ignorante da arte.

Se alguén máis hábil a tivese encontrado, deleitaríanos os ouvidos coa súa arte.

É así como, a miúdo, os enxeños pérdense pola desgraza.

Le Corbeau et le Renard

La Fontaine



Maître corbeau, sur un arbre perché,
Tenait en son bec un fromage.
Maître renard par l'odeur alléché,
Lui tint à peu près ce langage:
«Et bonjour Monsieur du Corbeau.
Que vous êtes joli! que vous me semblez beau!
Sans mentir, si votre ramage
Se rapporte à votre plumage,
Vous êtes le phénix des hôtes de ces bois»
A ces mots le corbeau ne se sent pas de joie;
Et pour montrer sa belle voix,
Il ouvre un large bec laisse tomber sa proie.
Le renard s'en saisit et dit: "Mon bon Monsieur,
Apprenez que tout flatteur
Vit aux dépens de celui qui l'écoute:
Cette leçon vaut bien un fromage sans doute."
Le corbeau honteux et confus

Jura mais un peu tard , qu'on ne l'Y prendrait
plus.

Mestre Corvo, nunha árbore pousado,
No bico aseguraba un belo queixo.
Mestra Raposa, atraída pelo cheiro,
Así lle dixo en ton entusiasmado:
-Ola! Bo día teña o señor Corvo,
Tan lindo é: unha beleza alada!
Fóra de brincadeiras, se o seu canto
Tiver das súas plumas o encanto,
Será con lei o Rei da Bicharada.
Ouvindo tales verbas, que feliz
O Corvo fica; e a voz quer mostrar:
Abre o bico e alá vai o queixo pelo ar!
Apáñao a Raposa e di: -Señor,
Aprenda que o vaidoso se rebaixa
Fronte a quen o quere entrapar.
Esta lección vale un queixo, non acha?
O Corvo, avergoñado, vendo o queixo
fuxir,
Xurou que tarde noutra se deixaría ir.

La zorra y las uvas

Félix María de Samaniego



Es voz común que a más del mediodía,
En ayunas la Zorra iba cazando;
Halla una parra, quédase mirando
De la alta vid el fruto que pendía.
Cansábala mil ansias y congojas
No alcanzar a las uvas con la garra,
Al mostrar a sus dientes la alta parra
Negros racimos entre verdes hojas.
Miró, saltó y anduvo en probaduras,
Pero vio el imposible ya de Fijo.
Entonces fue cuando la Zorra dijo:
«No las quiero comer. No están maduras.»
No por eso te muestres impaciente,
Si te se frustra, Fabio, algún intento:
Aplica bien el cuento, Y di:
No están maduras, frescamente.